



CONCELLO
DA LARACHA

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2020

PRIMEIRA –

O Concello de A Laracha, un ano máis, a través da Concellería de cultura, celebra o martes 25 de Febreiro o tradicional concurso de disfraces co obxecto de estimular e fomentar a participación cidadá na festa do Entroido.

SEGUNDA –

O concurso terá lugar na Praza do Concello, o martes 25 de Febreiro ás 18:30 h .No caso de que as condicións climatolóxicas sexan desfavorables, trasladaríase ao pavillón do IES Agra Leboris.

TERCEIRA –

Poderán participar todas aquelas persoas, sen límite de idade, que formalicen a inscrición da forma que segue:

- **Dende o luns 10 de Febreiro até o luns 24 de Febreiro** en horario **de 09.00 h – 15.00 h** no Concello, sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei/39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas. A data e orde de inscrición será a que sinale o rexistro de entrada do Concello.
- ou ben o martes 25 Febreiro na **Casa do Concello** de **16.00 h - 17.00 h**



CONCELLO
DA LARACHA

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2020

CUARTA –

Establécense catro **categorías** desde as que se optarán aos **premios**:

CATEGORÍA	MODALIDADE e COMPOÑENTES	PREMIOS	IMPORT E
INDIVIDUAL	INFANTIL (ata 12 anos)	1º PREMIO	60 €
		2º PREMIO	50 €
		3º PREMIO	40 €
	ADULTOS (máis de 12 anos)	1º PREMIO	60 €
		2º PREMIO	50 €
		3º PREMIO	40 €
PARELLAS	INFANTIL (ata 12 anos)	1º PREMIO	70 €
		2º PREMIO	60 €
		3º PREMIO	50 €
	ADULTOS (máis de 12 anos)	1º PREMIO	70 €
		2º PREMIO	60 €
		3º PREMIO	50 €
GRUPOS	(2 a 8 compoñentes)	1º PREMIO	250 €
		2º PREMIO	200 €
		3º PREMIO	150 €
COMPARSAS	(A partir de 8 compoñentes)	1º PREMIO	600 €
		2º PREMIO	500 €
		3º PREMIO	400 €



CONCELLO
DA LARACHA

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2020

QUINTA –

Ás **comparsas** concederáselle un accésit a todos os participantes **non premiados** (até un máximo de 10 accésits) por un importe de **100 €** e que se outorgaran por rigoroso orde de inscrición.

SEXTA –

A temática para a presentación no concurso é libre. O xurado deberá valorar:

- estética, orixinalidade e creatividade dos disfraces
- Posta en escena
- Detalles da maquillaxe , máscaras e demais complementos propios do Entroido
- Elaboración propia/artesanal
- No caso da categoría por comparsas terá especial consideración a presenza de **carroza** (plataformas móbiles autopropulsadas ou remolcadas, adornadas conforme á temática escollida e relacionada cos disfraces da comparsa). Non se valorará como carroza un vehículo decorado.

SÉPTIMA-

A organización do concurso, de forma xeral, manterá durante o desfile o tipo de música que considere oportuno en cada momento, agás que os participantes de calquera das categorías non especifiquen o contrario e o así o fagan constar no momento da inscrición, momento no cal xuntarán a/s peza/s a desenvolver durante a súa actuación (lapis, Cd, DVD, outros formatos). Para manter a fluidez da marcha e minimizar as paradas durante o percorrido do desfile limitaranse a duración das mesmas segundo a categoría na que se presenten. Nas categorías de individual e parellas o tempo máximo de detención do desfile será de 2 minutos e nas categorías de grupos e comparsas o tempo aumentará a 5 minutos, non podendo superarse en forma algunha en calquera dos casos.



CONCELLO
DA LARACHA

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2020

OITAVA –

O xurado estará composto por membros do Concello da Laracha ou persoas acreditadas en quen delegue. A puntuación establecerase no intervalo de 0 a 10 puntos. As deliberacións do xurado serán secretas e inapelables en calquera caso.

O xurado resérvase o dereito a considerar deserto algún dos premios, se considera que a falta de calidade dos disfraces así o fai necesario.

NOVENA –

Os premios serán fallados e entregados no transcurso da celebración da verbena posterior ao desfile, logo da deliberación do xurado.

Para o pago dos premios é preciso a presentación da documentación que segue:

- DNI do premiado, ou do seu representante legal e/ou CIF da asociación ou entidade á que represente, segundo sexa o caso.
- Declaración xurada de estar ao corrente coas obrigas tributarias, motivo de exclusión do pagamento.

A todos os premios se lles aplicarán as retencións fiscais oportunas segundo a lexislación vixente e sempre que proceda.

DÉCIMA –

A organización realizará unha cobertura fotográfica dos diferentes momentos do concurso de disfraces. As/os participantes, mediante a súa inscrición, consentirán a cesión da súa imaxe para as fotografías que se realizarán durante a celebración do concurso. Estas fotografías serán utilizadas polo concello con fins divulgativos e para a promoción das súas actividades nos seus perfís sociais e paxina web.



CONCELLO
DA LARACHA

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2020

UNDÉCIMO –

A participación neste concurso supón a total e plena aceptación das presentes bases.

A Laracha, de febreiro de 2020

O alcalde

José Manuel López Varela